

# Parar a precariedade na contratación de FEAs, unha tarefa prioritaria

O número de facultativas/os que teñen contratos precarios no SERGAS está medrando espectacularmente nos últimos tempos.

Desde hai 2 anos, e sobre todo no último ano e coa crise como escusa, as condicións das contratacións temporais de facultativos no SERGAS son cada vez máis precarias: as baixas non se cubren, as interinidades e os contratos de substitucións convócanse con contagotas, e os contratos eventuais son cada vez máis escasos e precarios. A administración abusa cada vez máis dos contratos de acúmulo de tarefas, de obra e servizo, e dos contratos de garda, para realizar funcións que non se corresponden en absoluto cos obxectivos dese tipo de contratos. O aforro semella ser a

única preocupación dos actuais responsables do SERGAS.

Ademais, tanto en Primaria como no Hospital, **agora temos o perigo da entrada das Empresas de Traballo Temporal**, para a contratación de facultativos.



POR UN CONTRATO PROFESIONAL,  
SEN ABUSOS, SEN DEPENDENCIAS

## Medidas para evitar a precariedade contractual dos FEAs que propón CIG-Saúde, e que no seu momento xa aceptou o SERGAS.

1. Convocar **OPEs e Concurso de Traslados** anual ou bianualmente e co 100% das vacantes existentes no momento da súa convocatoria.
2. Converter en **prazas de cadro** (prazas estruturais) as ocupadas polos FEAs que levan máis de 1 ano de contratos eventuais encadeados.
3. Que cada contrato se faga de acordo coa causa que o motiva (**Principio de Causalidade**): nunha praza de cadro vacante, un interino; unha substitución por baixa maternal, pola duración desta; ...
4. Establecer **listas de contratación de FEAs**, o único colectivo de todo o SERGAS que carece delas debido, sobre todo, a presións de Xefes de Servizo dos grandes hospitais.

Conseguir que o SERGAS se comprometa a contratar con normalidade non é algo utópico, e a proba é que iso xa se conseguiu cando se aprobou o “**Plan de Estabilidade de FEAs**” do ano 2007. Malia que evidentemente non se cumpriu na súa totalidade, e hoxe o SERGAS pretende ignoralo, o “Plan de Estabilidade de FEAs”, tivo como consecuencia [unha importantísima redución dos niveles de precariedade na contratación de FEAs](#): convocáronse e resolvéronse, coas súas luces e sombras, as OPEs e Concursos de Traslados (CT) de 2006 e 2008, cunhas características moito máis favorábeis para os facultativos das que previamente pretendía o SERGAS; e a grande maioría dos contratos precarios existentes se transformaron primeiro en contratos de “servizo determinado” e logo en prazas

de cadro que foron convocadas á OPE-2008.

O “Plan” [foi apoiado e defendido principalmente por CIG-Saúde e a súa Agrupación Médica \(AgM-CIG\)](#), e contou sempre coa oposición frontal de OMEGA que apoiou as mobilizacións que pretendían arromballo, mentres que a CESM tivo unha posición oscilante e que dependía do foro onde se emitía. **A cegueira dos sindicatos corporativos con respecto á aplicación do “Plan de Estabilización” axudou ao SERGAS a non ter que aplicalo.** Hoxe, as medidas que contemplaba seguen tendo plena actualidade e constitúen a cerna da estratexia da Agrupación Médica da CIG (AgM-CIG) contra a precariedade dos FEAs.